

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

(apartado 7 da programación de aula do 4º e 5º nivel de Educación Infantil)

Para avaliar a consecución ou non consecución dos obxectivos programados e, por tanto, decidir se son precisas ou non medidas correctivas ao respecto, o equipo de ciclo seleccionou os ítems de avaliación máis axeitados a esta programación (tomando como referencia os que se propoñen na aplicación XADE da Consellería) que son os seguintes:

### **COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

- ✓ Recoñecer, identificar e representar o corpo e as súas partes en si mesmo e nos demais. Representación do esquema corporal.
- ✓ Coordinar e controlar o seu corpo en distintas situacións e actividades.
- ✓ Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.
- ✓ Construír unha imaxe positiva propia, aceptando a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.
- ✓ Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas e valorar positivamente a diversidade.
- ✓ Identificar e manifestar os propios sentimentos e comprender os dos demais.
- ✓ Participar en xogos e actividades aceptando as normas e desenvolvendo cada vez máis os elementos motrices.
- ✓ Resolver autonomamente as actividades da vida cotiá.
- ✓ Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar.
- ✓ Identificar situacións de risco e actuar coherentemente.

### **COÑECEMENTO DO CONTORNO**

- ✓ Propoñer e resolver problemas sinxelos, empregando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade.
- ✓ Recoñecer aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos, prismas ...

- ✓ Explorar obxectos e elementos do contorno inmediato recoñecendo os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenalos segundo distintos criterios.
- ✓ Describir e representar a súa propia situación respecto ás nocións básicas espaciais (arriba-abaxo; dentro-fóra; preto-lonxe ...)
- ✓ Usar e comprender nocións temporais básicas (antes-despois; mañá-tarde; día-noite; onte-hoxe-mañá; día-semana-meses; estacións do ano;...) ordenando temporalmente feitos da súa vida.
- ✓ Identificar e nomear compoñentes do medio natural. Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.
- ✓ Identificar e recoñecer etapas na vida das persoas e doutros seres vivos.
- ✓ Coñecer os grupos sociais máis significativos do contorno como son a familia, escola e veciñanza, evitando os estereotipos sociais.
- ✓ Recoñecer e identificar algúns servizos comunitarios tales como o mercado, a atención sanitaria, medios de transporte ... superando tamén os estereotipos sexistas.
- ✓ Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a diversidade.
- ✓ Empregar os números para identificar, contar, clasificar e ordenar elementos.

### **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

- ✓ Utilizar a lingua oral segundo as intencións comunicativas tanto cos iguais coma con adultos.
- ✓ Comprender mensaxes orais diversas cunha actitude de escoita atenta e respectuosa.
- ✓ Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira participando en rutinas, xogos e situacións habituais e comunicación.
- ✓ Interesarse polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo. Participar en situacións significativas de lectura e escritura.
- ✓ Producir diferentes textos individualmente ou en grupo.
- ✓ Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.
- ✓ Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propias das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.

- ✓ Utilizar a biblioteca con respecto e coidado.
- ✓ Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación.
- ✓ Utilizar a linguaxe audiovisual e as TIC.

Estes criterios de avaliación fan referencia os mínimos esixibles que concreto a continuación para o 4º e 5º nivel de esta etapa educativa e estarán concretados nos contidos temporalizados mensualmente e que poden revisarse no apartado 4 da programación.

## **MÍNIMOS ESIXIBLES**

### **COÑECEMENO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

- Recoñecer e identificar as distintas partes do corpo.
- Construír unha imaxe positiva de si mesmo.
- Participar en xogos e actividades colectivas.
- Aceptar as normas.
- Manifestar hábitos de hixiene corporal.

### **COÑECEMENTO DO CONTORNO**

- Explorar os obxectos e elementos do contorno.
- Empregar os números para identificar e contar.
- Recoñecer as figuras xeométricas básicas.
- Comprender noións temporais básicas.
- Mostrar interese polo medio natural e os seus cambios.
- Identificar algúns dos grupos sociais do contorno do alumnado (a familia).

### **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

- Utilizar a linguaxe oral para unha comunicación positiva.
- Comprender mensaxes orais sinxelas.
- Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.
- Amosar interese polos textos escritos.
- Gozar coa escoita de textos literarios.
- Utilizar a biblioteca con respecto e coidado.
- Gozar coas propias producións plásticas.
- Mostrar interese ante as TIC.

## PROCECEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Seguindo as indicacións da orde do 25 de xuño de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil para a Comunidade Autónoma de Galicia, a avaliación será unha práctica habitual e permanente para obter datos que faciliten a toma de decisións e encamiñada á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe.

A avaliación terá un **carácter**:

- Global: xa que se refire ao conxunto de capacidades que se expresan nos obxectivos adecuados ao contexto e ás características dos nosos alumnos/as.
- Continuo: como elemento inseparable do proceso educativo mediante o que recollemos continuamente información sobre o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Formativo, regulador e orientador do proceso, dado que proporciona información constante para mellorar procesos e resultados da intervención educativa.

As principais **técnicas** para levar a cabo esta avaliación serán a observación directa e sistemática (anecdotario do mestre), a análise das producións dos/as nenos/as, as entrevistas coas familias e a autoavaliación.

Tamén avaliaremos a nosa propia práctica educativa para mellorar e adaptarnos cada vez máis ás características e necesidades do alumnado, nos seguintes aspectos:

- A organización da aula, o clima escolar, interacción entre o alumnado e relación profesor – alumno.
- A coordinación entre os mestres do ciclo.
- Regularidade e calidade da relación cos pais/nais e a súa participación no proceso de aprendizaxe.
- A adecuación da programación e planificación que de ela levemos a cabo.
- A adecuación da metodoloxía na contribución á adquisición das competencias básicas.

Coa avaliación realizada con todas estas técnicas poderemos detectar, analizar e valorar os procesos de desenvolvemento dos alumnos/as e as aprendizaxes utilizando os criterios de avaliación como referentes para identificar as posibilidades e dificultades de cada neno/a. Sendo esta a finalidade da avaliación nesta etapa educativa e poder así, facer os cambios precisos para a consecución dos mínimos esixibles da etapa por todo o alumnado.

Recollerase tamén a información proporcionada polos especialistas que participen no proceso educativo do grupo ou dalgún alumno/a en particular e deixará constancia das observacións e valoracións sobre o grao de adquisición das aprendizaxes de cada neno/a. Estas valoracións expresarémolas en termos cualitativos recollendo os progresos e as medidas de reforzo e adaptación nos casos en que fosen necesarias. Como titora reunireime con estes profesionais nas sesións de avaliación como mínimo unha inicial e tres ao longo do curso, para deixar constar os asuntos tratados e os acordos adoptados, nunha acta de avaliación.

Os **momentos** principais na avaliación dos alumnos/as serán:

- Avaliación inicial: ao principio do curso, así como ao principio de cada unidade de traballo, para determinar o punto de partida de cada neno/a ante o proceso educativo. Do mesmo xeito levaremos unha avaliación inicial cando se incorpore alumnado novo ao centro recollendo os datos máis destacados do seu desenvolvemento e tendo en conta os aportados polas familias na entrevista inicial e/ou nos informes de escolarización anteriores.

Destacar a importancia da avaliación inicial dos dous niveis educativos que se escolarizan na aula, especialmente o alumnado do 5º nivel de etapa infantil que no curso anterior, có confinamento, puido ver mermado o seu progreso nas contidos contemplados para o 4º nivel da etapa. Será o punto de partida para concretar os contidos e aprendizaxes para os dous niveis.

- Avaliación continua: ao longo do curso e ao longo de cada unidade de traballo, para determinar ata que punto van sendo alcanzados os obxectivos propostos, os progresos, as dificultades atopadas e, se é necesario, modificar

ou reorientar o proceso educativo tendo sempre como referente os criterios de avaliación correspondentes.

- Avaliación final: ao rematar cada unidade de traballo, cada trimestre, e ao rematar o curso escolar, para ver cales dos obxectivos planificados conseguiu cada alumno/a.

Para concretar a avaliación empregaremos os seguintes **documentos de avaliación** que cada titor cubrirá electrónicamente a través do XADE (á excepción do informe escrito trimestral e o boletín de autoavaliación):

- O informe de avaliación inicial: no que se recollen os datos achegados na entrevista pola familia, así como as observacións realizadas durante o período de adaptación.
- O informe escrito trimestral ( grupal e individual):no que o titor informará ás familiar sobre os progresos e dificultades detectados no alumno/a.
- O informe predefinido trimestral xerado polo XADE: onde concretaremos os items de avaliación e serán calificados atendendo o tres criterios: sen dificultade, en proceso e con dificultade.
- O informe anual de avaliación individualizado: que se cubrirá ao rematar cada curso segundo os datos obtidos na avaliación continua.
- O informe individualizado de final de ciclo: cos datos máis relevantes de cada curso e que será posto á disposición da persoa titora da nova etapa como orientación para a avaliación inicial.
- O boletín de autoavaliación, que será elaborado por eles mesmos como instrumento de concienciación, cun código de cores nos que simbolizar os tres criterios comentados (sen dificultade, en proceso e con dificultade).

No referente a **información ás familias** o titor/a encargarse de informar e ter en conta a información que nos proporcionen, cantas veces sexa necesario ao longo do curso. Para o cal empregaremos diversas ferramentas interactivas: a app ClassDojo e a aula Virtual do centro educativo. E no caso de ser preciso, titorías presenciais ou en videoconferencia que se levarían a cabo no horario de titorías programado no centro educativo os luns a partir das 16:00h.